

**A SUSPENSIÓN “SOLIDARIA” DA TIRADA DE BOMBAS DE PALENQUE NAS FESTAS DA COCA É O OPORTUNISMO POLÍTICO DO PP.**



O goberno do PP decidiu suspender, segundo eles por "solidariedade coas vítimas" de Tui, a tirada de bombas de palenque que tería lugar o día 30 ás 12.00 horas co gallo das Festas da Coca de Redondela. Soubemos desta decisión, **coa que estamos dacordo**, a través da páxina de Facebook do Concello de Redondela:

The poster features a yellow and white checkered pattern at the top. On the left is the coat of arms of Redondela, which includes a crown and a shield with a blue field containing a yellow 'R' and three yellow flowers. To the right of the coat of arms, the text 'FESTA DA COCA' is written in a large, black, serif font, with a cross symbol inside the 'O'. Below this, 'CORPUS CHRISTI 2018' is written in a smaller, black, sans-serif font. A black ribbon symbol is positioned to the right of the main text. The word 'ANUNCIO:' is written in a large, bold, black, sans-serif font. Below this, a dashed line separates the text from the main announcement. The announcement is written in a bold, black, sans-serif font, with the words 'SUSPENDE A TIRADA DE BOMBAS DE PALENQUE' in yellow. The text reads: 'O CONCELLO DE REDONDELA EN SOLIDARIEDADE COAS VÍCTIMAS DA EXPLOSIÓN QUE TIVO LUGAR O PASADO DÍA 23 NO CONCELLO DE TUI, SUSPENDE A TIRADA DE BOMBAS DE PALENQUE PROGRAMADA PARA O MÉRCORES ÁS 12:00 HS.' The background of the poster is a light, textured grey.

O que se esqueceron comentar os “Populares de Redondela” é que a empresa encargada da tirada de bombas de palenque era a mesma que causou a traxedia de Tui:



CONCELLO DE REDONDELA

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente n.º: 2988/2018.

**Procedimiento:** AUTORIZACIÓN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO EN REDONDELA.

**Empresa de pirotecnia:** LA GALLEGA S.L.

Vista a instancia presentada pola seguinte persoa para a realización dun espectáculo pirotécnico, segundo o programa e localización de disparos que presentan:

SOLICITANTE	DATAS E HORAS	LUGAR
	30/05/2018 (12:00 hrs)	FESTAS DA COCA REDONDELA

No cumprimento da normativa de aplicación e atendendo ás directrices xerais establecidas pola Consellería do Medio Rural esta alcaldía **RESOLVE:**

**Primeiro.** - Autorizar a utilización de pirotecnia no lugar e datas solicitados, suxeita ás seguintes condicións:

1. Non se autoriza a utilización de pirotecnia antes das 10:00 hrs.
2. A presente autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.
3. A tirada de fogos realizarase pola empresa pirotécnica ou por unha única persoa autorizada.
4. A tirada farase nun lugar inaccesible para o público, limpo de maleza ou de calquera outro material inflamable e situado a distancia de 100 metros dun terreo forestal. Deberase ter en conta a dirección e velocidade do vento á hora de fixar o punto de tirada en orde a minimizar o risco para os terreos forestais.
5. Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios.
6. Deixarase o lugar limpo de restos de instalacións e de materiais producidos na tirada.
7. A autorización quedará sen efecto no caso de que as condicións meteorolóxicas adversas desaconsellen a súa realización (fortes ventos, temperaturas elevadas, etc) ou ben se dean as circunstancias establecidas no Decreto 105/2006 (por exemplo, gran número de incendios forestais na zona).
8. **Esta autorización queda condicionada ao disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007 que indica que nos casos de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo o día da celebración, entenderanse revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade (deberá consultarse o día da tirada a páxina [http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios\\_forestais/irdi/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/))**

Javier Bas Congetra (1 para 2)  
Alcalde  
Sede: 25/05/2018  
D.O. de Redondela  
HASH: 6809451bb177ab44a3b7881240882

Carlos López Quintáns (2 para 2)  
Secretario  
Sede: 25/05/2018  
HASH: 468946384623523386462c38074ca

RESOLUCIONS DE ALCALDIA  
Número: 2018-1420 Data: 25/05/2018



Cod. Verificación: AM43KA.P5E.I6C.H6C5G578JNC | Correo electrónico: <http://mediorural.xunta.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

**Vista a resolución de alcaldía onde se concede o permiso para este acto esta asinada dous días despois da traxedia de Tui. Traxedia que motivou que a empresa atópese paralizada e o seu responsable en proceso xudicial, **parécenos unha actitude do máis mesquiña e un oportunismo político incualificable falar de suspensión do acto por "solidariedade coas vítimas"** no canto de contarlle a verdade a veciñanza.**

Redondela, 29 de maio de 2018